

Dos mociños e das mozas,
moito teño que contar-e
que todos andan, señores
a quen máis ha de ganar-e.

Empezarei polas mozas
que son as máis zalameras
que para parecer bonitas
ata pintan as orellas.

Pintan os labios e cexas
que parece unha hermosura
algunhas levan na cara
cuatro quilos de pintura.

O que ghasdades en polvos,
e en pinturas de almidón,
mellor vos fora metelos
en pastillas de xabrón.

Que aínda que levan camisa
lévana coma o carbón.
E de comida, señores,
non pasan da media ración.

Nas festas de Santa María
todas ghasdan moito rango,
e na súa casa
non comen broa nin caldo.

Moitas mozas van lucindo
traxe de seda e de pano,
e os pobre país no comercio
van a comprar no fiado.

Hai moitas que teñen novio
mais non están contentas
que se lles piden palabra
comprometen a cincuenta.

Aquellas que máis presumen
son as que quedan solteiras,
quedan pra cocer os nabos
porque non hai quen as queira.



Pra que as neniñas non choren
e non marchen enfadadas,
heilles de contar dos mozos
as súas falratutadas.

Cando van pra xunta as mozas
xúranlle amor verdadeiro,
así que loghran la suya:
“Si te he visto, no me acuerdo.”

Por eso, mozas solteiras,
con eso tened cuidado.
Os homiños hoxe en día
son un fato de falsarios.

Que o que da o chirlo mirlo
logho lle medra a barrigha
e o mozo así que o sabe
vai buscar outra en seghida.

Coma os ghatos na xaneira
andan todo enrabiados
que se lle cerran a porta
métense polos tellados.

A moza que cae na trampa,
de certo pode contar-e,
que ao cabo de nove meses
vai ter que arrolar-e.

Aquela que vai alí
ten cara de Serafín
e cando entra na misa
tódolos santos se rín.